

# Obriga de presentar o Modelo 720 – Exercicio 2025

2026-03-16

Lembrámoslles que todas aquelas persoas que, ao longo do ano 2025, posúen bens ou dereitos situados no estranxeiro deben revisar se están obrigadas a presentar o Modelo 720 ante a Axencia Tributaria.

## □ Que bens se teñen en conta?

- Contas bancarias no estranxeiro
- Valores, fondos ou participacións
- Seguros de vida ou invalidez
- Bens inmobles fóra de España

## □ Límites que obrigan a presentar o modelo

Será obrigatorio presentar a declaración cando o valor total destes bens supere os 50.000 €.

Tamén deberá volver presentarse cando xa existise unha declaración en anos anteriores e se produza unha variación superior a 20.000 € respecto ao valor previamente declarado.

## □ Prazo de presentación

O prazo finaliza o 31 de marzo.

Se ten dúbidas sobre se debe presentar esta declaración ou precisa axuda para elaborala, estamos á súa disposición.